

# TERRA E PROGRESO

Historia agraria da  
Galicia contemporánea

Deseño da colección: RE-VISIÓN

© da edición, Lourenzo Fernández Prieto, 2000

© dos seus respectivos textos, Lourenzo Fernández Prieto, Aurora Artiaga Rego, María Xesús Baz Vicente, Xan Carmona Badía, Luís Domínguez Castro, Fausto Dopico Gutierrez del Arroyo, Anxo Fernández González, Henrique Hervés, Alberte Martínez López, Eduardo Rico Boquete, María Xosé Rodríguez Galgo, Ramón Villares Paz, 2000

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2000

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.es

ISBN: 84-8302-560-4

Depósito Legal: VG.682-2000

Impreso en Gráficas Varona, S. A.

Polígono Industrial El Montalvo, p. 49

37008 Salamanca

*Reservados todos los derechos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reproducción, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

Lourenzo Fernández Prieto (dir.)

---

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



no século XX.....	293
Bibliografía citada .....	301
<b>IV. A GANDERÍA: CHAVE DA COMERCIALIZACIÓN E O DESENVOLVIMENTO.....</b>	<b>303</b>
12. SOBRE AS ORIXES DA ORIENTACIÓN EXPORTADORA NA PRODUCCIÓN BOVINA GALEGA. AS EXPORTACIÓNS A INGLATERRA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX. X. Carmona.....	305
As fontes .....	307
A apertura do mercado inglés.....	315
O <i>boom</i> das exportacións .....	320
Sobre a organización e as implicacións do negocio.....	322
Os atrancos á expansión do sector.....	327
Crise e reorientación dos mercados.....	332
As exportacións a Inglaterra e a evolución da gandería bovina galega.....	339
Demanda exterior e transformacións agrarias .....	341
Demanda exterior e acumulación de capital .....	348
13. PERSPECTIVA HISTÓRICA DA GANDERÍA GALEGA: DA COMPLEMENTARIEDADE AGRARIA Á CRISE DA INTENSIFICACIÓN LÁCTEA (1850-1995). A Martínez López .....	353
Introducción.....	353
Crise e estancamiento do sistema tradicional: o aumento da demanda exterior de carne, 1842-1885 .....	354
O inicio dos sistemas de transformación intensiva, 1886-1935.....	357
O retroceso no proceso de conformación do modelo de transformación intensiva, 1936-1959 .....	364
A consolidación do modelo intensivo de orientación leiteira e a aparición de sistemas gandeiros industriais: a crecente dependencia e o custo ambiental, 1960-1995 .....	372
Conclusións .....	378
Bibliografía citada .....	379
<b>V. O MONTE: ESPACIO AGRARIO E FORESTAL.....</b>	<b>383</b>
14. COMUNIDADE CAMPESINA E TERRAS DE PROPIEDADE COLECTIVA: A UTILIZACIÓN DO MONTE .....	383

NA GALICIA DO SÉCULO XIX. X. Balboa López .....	385
A agricultura do monte.....	388
A utilización do monte polo gando .....	394
Outros recursos subministrados polo monte .....	399
15. MONTES, INDUSTRIA DO ASERRÍO E TRÁFICO DE MADEIRA EN GALICIA. A PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO PERÍODO 1875-1936. E. Rico Boquete .....	405
Os montes de utilidade pública da provincia de Pontevedra nos primeiros anos do novo século.....	405
Industria de primeira transformación e comercio da madeira .....	427
Bibliografía citada .....	440
<b>VI. AS COMPLEXAS FORMAS DA PROPIEDADE AGRARIA EN GALICIA E A SÚA EVOLUCIÓN CONTEMPORÁNEA.....</b>	<b>441</b>
16. A RENDA FORAL EN GALICIA A FINS DO SÉCULO XIX. A. Artiaga Rego .....	443
Introducción.....	443
Análise económica .....	445
Análise sociolóxica.....	456
Conclusión.....	468
Bibliografía citada .....	468
17. OS FOROS DE GALICIA. ALGÚNS PROBLEMAS E COMPARACIÓNS. R. Villares Paz .....	471
A consolidación do foro como fórmula de cesión da terra (séculos XVI e XVII).....	474
A temporalidade <i>perpetua</i> do foro .....	484
Unhas notas comparativas: foros, enfiteuse e <i>prazos</i> .....	496
18. A CONFLICTIVIDADE ABOLICIONISTA NOS ESTADOS DE ANDRADE: O PREITO DE IÑÁS, DEXO E SERANTES. M. X. Baz Vicente.....	505
O preito de Iñás, Dexo e Serantes. Un exemplo de contestación abolicionista.....	509
A contestación xudicial ao dominio directo dos estados de Andrade, ¿algo más que un caso illado? .....	517
¿Resistencia ao pago da renda pola vía dos feitos? .....	521
19. O AMO BO E O COMERCIANTE QUE FÍA: DÚAS ESTRATEXIAS DE CRÉDITO RURAL PRIVADO NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX. L. Domínguez Castro...	527

**PERSPECTIVA HISTÓRICA DA GANDERÍA GALEGA:  
DA COMPLEMENTARIEDADE AGRARIA  
Á CRISE DA INTENSIFICACIÓN LÁCTEA (1850-1995)<sup>1</sup>**

Alberte Martínez López

**Introducción**

A gandería en Galicia e en toda a cornixa cantábrica foi e é un dos seus principais sectores económicos. Na situación actual de crise de adaptación ao marco fixado pola pertenza de España á CEE, creo que non debe resultar un exercicio ocioso efectuar unha exposición da evolución histórica da gandería galega na época contemporánea<sup>2</sup>.

Ao longo da nosa exposición iremos caracterizando as principais etapas que establecemos no desenvolvemento dos sistemas gandeiros, centrándonos no gando vacún por ser o de maior significación. O fío conductor que guiará o noso cometido será o proceso de intensificación. Este verase condicionado pola demanda, transportes, prezos relativos, estruturas de formación profesional, de mercado, posibilidades de financiamento e presión demográfica (Sobrino et alii, 1981).

Ata mediados do século pasado a estructura agraria galega baseábase no policultivo de subsistencia. Neste sistema, a explotación familiar atendía á reproducción simple, procurando satisfacer as súas nece-

<sup>1</sup> (1996), en R. DOMÍNGUEZ MARTÍN (ed.), *La vocación ganadera del norte de España. Del modelo nacional a los desafíos del mercado mundial*, Madrid, MAPA, pp. 17-57.

<sup>2</sup> Debido á amplitude do período e do tema recorremos a un extenso elenco bibliográfico. Para non recargar o traballo incluímos simplemente o repertorio básico manejado.

sidades básicas (alimentación, vestido e utensilios domésticos e agrícolas) no seo da propia explotación ou recorrendo a principios de reciprocidade. Neste contexto a gandería tiña un carácter polivalente e complementario da actividade agraria. Utilizábase como força de traballo, medio de transporte, optimizador de recursos agrícolas (subproductos da explotación) e humanos (excedentes laborais), reconstituínte do solo (esterco) e xerador de certas rendas monetarias, destinadas ao pago de exaccións exteriores (principalmente estatais, pois a renda foral soía estipularse en especie) e á adquisición dos poucos productos non obtidos no marco local, caso do sal.

### **Crise e estancamento do sistema tradicional: o aumento da demanda exterior de carne, 1842-1885**

Esta estructura tradicional, succinctamente bosquexada, entra nunha relativa crise no segundo tercio do século pasado por dous motivos fundamentais: a grave decadencia dunha actividade de auxilio básica como a manufactura rural do liño e o mantemento do sistema foral, nun contexto de presión demográfica e de profundas transformacións do contorno europeo. Isto provocará, a partir da liberalización lexisladora de 1853, o inicio do que será unha importante corrente emigratoria a partir de finais de século. Nestes momentos, sen embargo, a elevada densidade rural obriga a dedicar a maior parte da superficie cultivada á produción de alimentos humanos, competindo co posible uso pecuario.

Un parcial balón de osíxeno a esta difícil situación vai proceder da crecente demanda británica de carne (Carmona, 1982). Por estas das, Gran Bretaña deroga as súas leis protecciónistas de grans. Opta por un modelo de especialización industrial e financeiro, respaldado pola importación de alimentos que permita reducir custos salariais. O seu desenvolvemento urbano e de renda per capita propician un aumento da demanda de produtos animais como a carne. Aos tradicionais subministradores da Europa oriental vánselles sumar outros como os do noroeste peninsular.

Para que estas economías campesiñas se puidesen conectar a dese mercado sóense establecer dous requisitos: a mellora das comunicacións e a existencia dun grupo de intermediarios que realizará unha dobre función: canalizar esa oferta cara aos portos de embarque e redistribuír no medio rural as manufacturas que puidesen servir de estí-

mulo para o incremento da mercantilización da produción gandeira.

Polo que respecta ao transporte, non parece que houbera avances significativos no terrestre durante esas décadas, toda vez que o tendido ferroviario se iniciará no último cuarto de século. Con todo, a relativa proximidade aos portos de embarque, e de aquí a Inglaterra, e as melloras na navegación propias da época, facilitan o labor.

En canto ao grupo intermedio e as súas funcións, cabe sinalar que vai estar liderado polos abastecedores británicos, seguindo a tónica iniciada o século anterior de predominio dunha burguesía comercial foránea. Non se detecta neste caso a existencia de redistribución de téxtil británico en contrapartida, quizais debido á crecente penetración do tecido catalán e tamén a que un obxectivo prioritario do ingreso sería o pago da tributación do consolidado Estado liberal.

Aínda que non posuímos moita información acerca da situación real da gandería galega nesas décadas, o impacto desa corrente comercializadora non parece que fora moi notable en estimular transformacións nas estruturas productivas. En termos cuantitativos o volume medio de exportacións (gráfico 1) fai supoñer que se viron implicadas nese comercio entre 20-30 mil explotacións. Esta cifra non é desdeñable sobre todo porque en termos relativos debía supoñer unha parte importante do *hinterland* dos portos implicados. Sen embargo, tendo en conta a globalidade das explotacións con gando vacún só alcanzaría arredor do 10% das mesmas<sup>3</sup>. O mantemento do statu quo foral parece que foi un elemento explicativo importante desta situación.

O que si parece que estimulou este comercio é o inicio dunha progresiva especialización da cabana no gando de renda, en especial do vacún, así como unha clara concentración xeográfica deste gando nas áreas próximas aos portos de embarque, coincidentes tamén cos principais núcleos consumidores de derivados pecuarios.

Hai que ter en conta que este comercio se levaba a cabo con reses en vivo, maiormente bois cebóns. Se ben o cebo se realizaba en Galicia, a maior parte do valor engadido ía fóra. A isto habería que engadirlle que o devandito comercio estaba en mans británicas, limitando fortemente, pois, a acumulación de capital autóctono.

Este florecente comercio de exportación vai reducirse significativamente a partir dos anos oitenta, sendo substituído en Gran Bretaña

<sup>3</sup> A cifra de explotacións implicadas procede de estimar en 1,5 cabezas a exportación anual por explotación, MARTÍNEZ LÓPEZ (1995b). A porcentaxe calculouse a partir do número de explotacións bovinas segundo o censo de 1865.

por importacións de carne, en crecente proporción conxelada, procedente dos países novos.

A crise agraria finisecular parece ter afectado en menor medida a gandería, habida conta da evolución máis favorable para esta última dos prezos reais tanto absolutos como, sobre todo, relativos (gráfico 2). Este diferente comportamento das cotizacións entre cereais e produtos gandeiros suporía un estímulo para reconverter terras de cereal e monte en praderías, que se vería freado sen embargo, entre outros factores, polo custo de oportunidade (adquisición de terra) (Carmona e Puente, 1988). Abríase tamén a oportunidade de imitar o modelo danés, importando millo e producindo derivados gandeiros, posibilidade que se frustraría, entre outros motivos, polo proteccionismo cerealícola.

En canto á investigación e divulgación agropecuarias, poucas iniciativas callaron durante todo este período en Galicia<sup>4</sup>. Outro tanto se pode afirmar respecto á capacidade organizativa do campesiñado na defensa dos seus intereses. Á parte dos periódicos estalidos e resistencias prolongadas e soterradas de carácter antifiscal e antirrendista, só cabe citar as mutuas pecuarias tradicionais como mostra de tendencias asociativas estables. A posición do campesiñado fronte ás forzas do mercado que se empezan a abrir paso é, pois, moi débil nestes momentos, ainda que tamén é certo que a mercantilización da agricultura galega é aínda escasa.

Con respecto ás posibilidades de financiamento dun posible esforzo de intensificación cabe sinalar que se enfrentaban a obstáculos insuperables neses momentos. En efecto, o grao de contacto co mercado, vía para a obtención de ingresos monetarios, era bastante reducido, tanto no número de explotacións implicadas como na proporción da producción mercantilizada nestas últimas. Ademais, a atomización e desorganización dos campesiños motivaba que a súa marxe de beneficio fose pequena. Polo demais, existían outras necesidades más perentorias a cubrir como o pago de rendas forais, arrendamentos e impostos, ademais do maior atractivo da adquisición de terra en propiedade. Finalmente, o crédito agrícola oficial era inexistente e o privado inaccesible ou usurario.

<sup>4</sup> A acción ministerial limitouse á promulgación dunha ampla lexislación inoperante e á creación de organismos sen competencias delimitadas e recursos suficientes. Unicamente as deputacións chegaron a montar institucións máis conectadas coa realidade, ainda que non lograron consolidalas, FERNÁNDEZ PRIETO (1992).


### O inicio dos sistemas de transformación intensiva, 1886-1935

Esta fase caracterízase porque a gandería deixa de ser unha actividade complementaria da agricultura e comeza a desempeñar unha posición hexemónica. Deste xeito é agora a agricultura a que se subordina ás necesidades alimenticias da cabana, que co seu aumento obriga a especializar e intensificar o uso do solo. Por outro lado, perden parte do seu significado algunas das funcións desempeñadas anteriormente polo gando como a tracción ou o transporte, feito limitado durante esta etapa só aos exemplares seleccionados. O conxunto da actividade agraria vai pivotando en torno á gandería, e dentro desta prímanse as especies máis demandadas polo mercado, como o vacún e o porcino.


Ao longo deste período vanse conformando unha serie de bases, aínda imperfectas, que estimulan a intensificación gandeira.

A conexión ferroviaria de Galicia coa meseta, que se establece a fins do século pasado, permite a reorientación, e incremento substancial, da súa oferta pecuaria cara ao mercado interior (gráfico 1), reforzado pola vía nacionalista adoptada polo capitalismo español. Esta opción verase tamén favorecida polo aproveitamento das redes comerciais anteriores.


GRÁFICO 1  
Envíos de gando vacún fóra de Galicia, 1842-1931, en cabezas



FONTE: Carmona (1982); Martínez López (1995b).




FONTE: Gaceta de Madrid, 1860-1890; López Taboada (1986). Elaboración propia.




FONTE: Simpson (1989); Martínez López (1995a); Giráldez (1993); García Barbancho (1960); Carrera (1989); MAPA, AEA.

**GRÁFICO 4**  
Distribución do consumo de carne en España, por especies, 1905-1993, en porcentaxe



FONTE: Martínez López (1995a); MAPA, AEA.

**GRÁFICO 5**  
Prezos reais por xunto da carne de tenreira, porco, ovos, leite e peixe en España, 1913-1993, en número índice



FONTE: Martínez López (1995a); MAPA, AEA.

A dieta alimenticia española durante o primeiro tercio deste século (Simpson, 1989; gráficos 3-5) mellora lixeiramente tanto en cantidade como en calidade. As calorías/día inxeridas increménstanse de 2.100 a 2.400 e a porcentaxe das procedentes de cereais, leguminosas e patacas descende do 64% ao 60%. A pesar desta modesta dieta os traballadores españoles dedicaban entre un 65-75% dos seus ingresos á alimentación. Con todo, o consumo de produtos pecuarios, como tamén o do peixe, vai coñecer un significativo impulso, en especial tendo en conta o baixo punto de partida.

Polo que respecta ao consumo cárnicoo per capita español (Martínez López, 1995a), inferior ao da maioría de países de Europa occidental, coñecece unha progresiva aínda que moderada expansión, estabilizándose a partir de mediados dos anos vinte. O seu incremento vén lastrado polos baixos niveis de renda, o elevado prezo e a crecente competencia do peixe. Na distribución por especies constátase un retroceso no lanar/caprino e un moderado avance no vacún (en especial de tenreiras no medio urbano) e, sobre todo, porcino.

A resposta das economías campesiñas a este aumento da demanda e mellora das comunicacóns vai ser bastante rápida e positiva<sup>5</sup>. En efecto, os censos gandeiros mostran un importante crecemento da cabana (Gráficos 6-7) e, o que é máis significativo, unha crecente especialización da mesma no gando de renda (bovino e porcino), aumentando ademais a participación do gando bovino no conxunto español.


Galicia debía competir con outras rexións da cornixa cantábrica, en mellor situación pola súa maior proximidade, precocidade de comunicacóns e disponibilidade de pastos. A menor cotización do gando galego e a súa maior dificultade de alimentación acarrearán a especialización de Galicia na oferta cárnica en vivo (tenreiras a Barcelona e bois a Madrid), mentres que en Asturias e, sobre todo Cantabria, alcanzarán unha maior diversificación e valor engadido, cunha crecente orientación láctea (Puente, 1992).

Polo que respecta á produción leiteira galega (Martínez López, 1995b), cabe sinalar que, aínda que modesta, aumenta en termos absolutos e relativos, favorecida pola evolución dos seus prezos relativos fronte a inputs como o millo e os adubos minerais. O seu grao de comercialización e transformación industrial en empresas é aínda bas-

<sup>5</sup> Este dinamismo apréciase, coas peculiaridades derivadas do seu contorno económico e ecolóxico, noutras áreas peninsulares, como Murcia, MARTÍNEZ CARRIÓN (1991).

GRÁFICO 6


Evolución da cabana gandeira galega, 1907-1994, en cabezas



FONTE: Barreiro Gil (1990); Pérez Iglesias (1979); Sequeiros (1986); Fernández (1995); Xunta, AEA.

GRÁFICO 7

Participación da cabana galega na española, 1907-1994, en porcentaxe



FONTE: Barreiro Gil (1990); Pérez Iglesias (1979); Sequeiros (1986); Fernández (1995); Xunta, AEA; MAPA, AEA.

tante reducida. Os rendementos leiteiros son baixos e inferiores ao promedio español, mais cunha lixeira tendencia á alza. A modernización tecnolóxica (razas especializadas, desnatadoras, muxido mecánico) é moi escasa.

Este contexto favorable vai provocar profundas modificacións na estrutura agraria galega. Entre elas destaca o acceso á plena propiedade campesiña, impulsado polo Decreto de redención foral de 1926. Por outro lado, como consecuencia da progresiva orientación gandeira detéctase unha reconversión da superficie cultivada, cun aumento na dedicada a forraxes (gráficos 8-11), sendo o nabo a principal producción<sup>6</sup>. Os datos disponibles (do final do período) parecen suxerir que este crecemento foi máis ben extensivo, pois os rendementos mantéñense estancados, excepto no millo. Vanse producir, así mesmo, importantes transformacións tecnolóxicas como a introducción de fertilizantes artificiais e a progresiva mecanización. No subsector gandeiro o esforzo modernizador encamiñárase a conseguir razas seleccionadas e de maiores rendements.


En ausencia de institucións oficiais e privadas de crédito agrario, e ante o fracaso das experiencias das caixas rurais, o financiamento desta intensificación productiva vai proceder das remesas dos emigrantes e da propia comercialización pecuaria. A fortísima emigración propiciará tamén a especialización gandeira ao aliviar a presión demográfica e facilitar así a reconversión de cultivos.

Todo este proceso de modernización vai ser impulsado polo Estado (Fernández Prieto, 1992). Na maioría dos países europeos, e como consecuencia da crise finisecular, o Estado respaldará a adaptación das respectivas estructuras agrarias ás novas condicións que marca a crecente internacionalización dos mercados agrarios. Habitualmente viñéreronse resaltando as medidas de corte proteccionista. Este proteccionismo afectaba fundamentalmente aos cereais, prexudicando neste sentido a posibilidade de reducir custos no alimento do gando. Un aspecto menos coñecido ata hai poucos anos constitúeo o desenvolvemento dunha lexislación impulsora do crecemento e modernización agropecuarios. Tamén hai que resaltar a creación dunha serie de institucións agronómicas oficiais, tanto de investigación como de difusión. Sen esaxerar a súa incidencia, non cabe dúbida que exerceron un

<sup>6</sup> Séguese aquí en certo modo o modelo inglés, fronte ao sucedido na meseta, de desenvolvemento gandeiro baseado nos cereais de secano, GEHR (1979).

GRÁFICO 8


Distribución dos principais cultivos en Galicia, 1929-1980, en miles de ha



FONTE: Beiras (1967); Sequeiros (1986).

GRÁFICO 9

Superficie destinada a cultivos forraxeiros en Galicia, 1929-1980, en miles de ha



FONTE: Beiras (1967); Sequeiros (1986).

importante papel na modernización do campo galego, contando co eficaz concurso das organizacións agrarias.


A regulación estatal dos mercados gandeiros era ainda moi incompleta e superestructural, de modo que as normativas aprobadas eran incumpridas con frecuencia, en detrimento moitas veces dos productores. A énfase marcábase na protección do consumidor, buscando asegurar o abastecimento, limitar as fluctuaciones de prezos e manter estes nuns parámetros aceptables. Tendo en conta o carácter atomizado da producción gandeira, en especial en rexións como Galicia, e as tendencias oligopólicas existentes nestes mercados, non é de extrañar a posición de inferioridade en que se debatían os gandeiros. Sen embargo, durante esta etapa o campesiñado galego deu mostras dunha elevada capacidade de organización. A aparición e consolidación dunha espesa rede de cooperativas permitiu aos agricultores adaptarse aos novos condicionantes que marcaba a difusión do capitalismo no campo e defender en mellores condicións os seus intereses nas novas estructuras mercantís (compras e vendas en común, presión ante os poderes públicos, etc.).

Se ben o movemento cooperativo galego (Martínez López, 1995b) colleitou éxitos relativos na reducción de custos productivos e no aumento da marxe de beneficios, fracasou rotundamente nos intentos de crear unha base agroindustrial, aínda que no seu descargo cabe dicir que tampouco a iniciativa privada conseguiu gran cousa neste aspecto. No caso dos matadoiros, a inimizade dos tratantes, cunha posición e uns intereses moi asentados, e a mala xestión levaron ao traste as iniciativas. En cantes aos establecementos leiteiros, arrastraban unha vida lánquida, sendo reanimados nos anos trinta pola penetración de capital foráneo (Arias de Asturias) e a aparición do embrión da futura LARSA. As principais razóns do fracaso agroindustrial cabe centralas na relocalización da producción e transformación cara a lugares de demanda ben comunicados, a oposición dos comerciantes de gando, defectos de xestión e elevados custos de recolección e transporte.

#### O retroceso no proceso de conformación do modelo de transformación intensiva, 1936-1959


O primeiro franquismo vai supoñer un brutal corte non só no campo das liberdades políticas senón tamén na área socioeconómica. En efecto, o dinamismo observado no primeiro tercio de século, así como o protagonismo das organizacións campesiñas, verase trastocado por unha involución a todos os niveis.

**GRÁFICO 10**  
Produccións forraxeiras en Galicia, 1929-1980, en millóns de Qm



FONTE: Beiras (1967); Sequeiros (1986).

**GRÁFICO 11**  
Rendementos dos cultivos forraxeiros en Galicia, 1929-1980,  
en millóns de Qm/ha



FONTE: Beiras (1967); Sequeiros (1986).

Polo que respecta á evolución da agricultura galega ao longo deste período (Beiras, 1967, 95-127), caracterízase polo seu escaso dinamismo, reflectido na reducida modificación na distribución dos cultivos con respecto á etapa precedente. No tocante a un elemento máis significativo como os rendementos distínguese dúas etapas: unha de retroceso nos anos corenta e outra de recuperación desequilibrada na década dos cincuenta. Centrándonos nas dedicacións máis relacionadas coa gandería, obsérvase (gráficos 8-11) tanto en superficie e producións, como en rendementos unha tónica similar ao apuntado para o conxunto da produción agraria: caída na década dos corenta e recuperación, sobre todo nos rendementos de praderías e millo forraxeiro, nos cincuenta, sen a penas rebasar os máximos de preguerra. A partir de mediados dos cincuenta iníciase un proceso, de proxección posterior, de substitución do nabo polas praderías, respaldado polo crecente diferencial dos seus rendementos.

Esta evolución parece confirmar o estancamiento da gandería durante esta etapa, cando o seu progreso esixiría un aumento da superficie dedicada a cultivos forraxeiros, unha intensificación e unha substitución dos mesmos.

Pero antes de adentrarnos no franquismo xa consolidado fagamos unha referencia á situación gandeira no marco da guerra civil. Estimacións do momento cifran en 400.000 as reses bovinas galegas enviadas á fronte por ferrocarril en 1938, o dobre das cifras máximas de preguerra. Este enorme esforzo extractivo, en unión doutras dificultades propias da posguerra, contribúe a explicar a situación recesiva en que entra a gandería por esos anos, como o poñen de manifesto os censos da época, con todas as súas deficiencias e ocultacións interesadas<sup>7</sup>.

A política, non só económica, do novo Réxime vaise caracterizar polo illamento internacional e o intervencionismo estatal, sendo a principal responsable da crise agraria española dos anos corenta (Barciela, 1987, 260). A reducción de contactos co exterior afectará á gandería sobre todo pola vía dos insumos, posto que, como comprobáramos, o

<sup>7</sup> Tanto o GEHR (1979) a nivel español como BEIRAS (1967, 81-85) para Galicia destacaron graves deficiencias das estatísticas gandeiras, especialmente notables en territorios como Galicia, dun número moi elevado de pequenos propietarios cun hábitat moi disperso e de non fácil acceso. As principais tachas que se fan aos censos refírense á falta de homoxeneidade (ou descoñecemento) nas datas dos recontos e os distintos criterios (inclusión ou non de crías). Na produción cárnica computábase únicamente o ganado sacrificado na provincia pero non o enviado fóra en vivo, de grande importancia no caso galego durante moito tempo.

mercado exterior deixara de ter importancia desde finais do pasado século para a produción bovina. A principal subministración que se vai ver afectada será o millo, porque a súa produción autóctona, a pesar das melloras introducidas nos anos trinta co millo híbrido da Misión Biolóxica de Pontevedra, seguía sendo insuficiente para atender a demanda. Ademais, outros insumos básicos para a modernización das explotacións como a maquinaria e os fertilizantes, procedían tamén en gran parte do exterior, reducíndose agora drasticamente a súa disponibilidade.

Por outro lado, e á parte da retórica ruralista deste primeiro franquismo, a intervención estatal perseguía garantir un mínimo de subministración alimentaria á poboación en nome da preconizada autarquía a uns prezos suficientemente baixos para que non presionaran excesivamente nos salarios e facilitar así a acumulación de capital nas empresas. Este obxectivo tradúcise na implantación dun sistema de requisas de gando por parte do Estado a uns prezos reducidos. Isto desincentivaba ao gandeiro e orixinaba o perturbador fenómeno do mercado negro.

Ademais, a caída da renda e a ampliación da desigualdade na súa distribución traduciuse nunha grave deterioración dos niveis de consumo alimenticio da poboación (gráficos 3-5), en especial de carne e ovos como consecuencia da súa escasa disponibilidade e encarecimiento<sup>8</sup>. Aínda así, a oferta cárnica era incapaz de atender a esa raquíta demanda. Por isto, o Estado recorreu, aínda que con carácter conxuntural, á importación de trigo e carne arxentinos, o que contribuirá a un empeoramento da situación da gandería nativa.

O rotundo fracaso da política autárquica motivou un xiro liberalizador coa entrada de Rafael Cavestany no Ministerio de Agricultura en 1951. A súa política ía consistir en suprimir intervencións e en elevar os prezos para estimular o sector agrario. Este viuse favorecido pola apertura ao exterior (acordos con EE.UU. e o Vaticano), que permitiu a adquisición de medios de produción básicos como maquinaria, fertilizantes e sementes (Barciela, 1987, 265).

<sup>8</sup> Hai que matizar que a forte caída no consumo de proteínas pecuarias viuse parcialmente compensada polo lixeiro incremento no consumo de peixe, debido ao mellor comportamento do seu prezo relativo. Os prezos do peixe, reflectidos no gráfico 5, son un promedio, sen ponderar por carecer da distribución do consumo por especies en tan longo prazo, dos dous peixes más representativos da gama baixa e alta: a sardiña e a pescada; ata 1940 proceden do Ministerio de Traballo (1942), de aí en diante son datos do porto de Vigo, primeiro porto pesqueiro español, amablemente facilitados polo profesor Indalecio Cruz Ferreiro, extraídos da revista *Industrias Pesqueras*, Autoridade Portuaria de Vigo e Secretaría da Mariña Mercante.

Esta actuación deu lugar a unha recuperación da agricultura ao longo dos anos cincuenta, aínda que en xeral sen superar os niveis de preguerra. Pola súa parte, a gandería, aínda que tamén se recuperou, quedou prexudicada polo mantemento da prioridade protecciónista concedida aos cereais. Por outro lado, a política de impulso á concentración parcelaria non tivo moito éxito. E, finalmente, a masiva repoboación forestal emprendida neses anos mediante especies de crecemento rápido para garantir o aprovisionamento de madeira e pasta de papel para as industrias de transformación, tivo elevados custos ambientais e tamén socioeconómicos, en canto a que se levou a cabo mediante unha auténtica expropiación dos dereitos veciñais, restando un espacio tradicionalmente utilizado pola gandería, que se viu deste modo coartada nas súas posibilidades de expansión.

A paralización de calquera avance significativo nunha rede ferroviaria tradicionalmente deficiente, unida ás graves dificultades de comunicación por estrada coa Meseta, supuxeron outro elemento negativo para impulsar a mercantilización da producción gandeira galega.


En canto á actuación estatal, a correlación de forzas dominante no novo Estado saído da guerra civil comportará unha forte regulación e defensa dos intereses trigueiros meseteños, permanecendo a gandería nun segundo plano. Ademais, a represión e integración verticalista do outrora dinámico movemento agrariño galego provocou a inhibición campesiña como manifestación silenciosa de descontento. Complementariamente, as medidas desincentivadoras da creatividade intelectual afectaron tamén aos profesionais agronómicos e ás eficaces institucións preexistentes, derivando nunha acentuada burocratización dos organismos agropecuarios, bloqueados por recursos insuficientes, rivalidades corporativas e sen conexión coas auténticas necesidades dun campesiñado desarticulado (Bernárdez e Cabo, 1996).

A paralización da emigración actuou tamén negativamente sobre o sector, ao dificultar a capitalización das explotacións e desincentivar a introducción de melloras na productividade, ademais de frear a reconvertión de cultivos de uso humano a pecuario.

Como consecuencia de todos estes elementos nocivos produciuse un descenso dos efectivos gandeiros (gráficos 6-7), significativamente no gando de renda, sendo ademais esta caída en Galicia máis acentuada que en España.


Se nos fixamos nas principais producións, apréciase un estancamiento, tanto absoluto como relativo, da produción cárnica (gráficos 12-14). Ademais, os rendementos das reses sacrificadas, tanto bovinas

**GRÁFICO 12**  
Produccións de carne en Galicia, 1942-1994, en miles de tm canal




FONTE: Sequeiros (1986); Fernández (1995); Xunta, AEA.

**GRÁFICO 13**  
Participación da producción cárnica galega na producción española, 1942-1994, en porcentaxe.



FONTE: Sequeiros (1986); Fernández (1995); MAPA, AEA; Xunta, AEA.

**GRÁFICO 14**  
Peso medio do gando vacún e porcino sacrificado en Galicia e España,  
1942-1993, en kg/canal




FONTE: Sequeiros (1986); Fernández (1995); MAPA, AEA; Xunta, AEA.

como porcinas, son baixos e inferiores en todo caso ao promedio español. Este crónico e agora más acentuado baixo peso das reses gallegas debíase á súa máis deficiente alimentación e tamén ao predominio do sacrificio de animais novos pola dificultade de alimentoalos e ter unha maior cotización. Naturalmente, este tipo de esquema limitaba a posibilidade de aproveitar *in situ* o valor engadido xerado polas reses, ademais de dificultar a rexeneración da cabana. Hai que sinalar que durante este período segue predominando a orientación cárnea da cabana galega, con escasa transformación na propia rexión.

En canto á produción leiteira, os datos disponibles para o final deste período (gráfico 15) parecen tamén suxerir un estancamiento, con tendencia descendente respecto ao conxunto español, que empeza a despegar na década dos cincuenta. O seu grao de comercialización e transformación industrial é ainda moi baixo (Sequeiros, 1986), absorbendo a explotación familiar (en boa medida as crías) gran parte do leite obtido. Non obstante, comeza a instalación dunha serie de empresas, algunas estranxeiras como a Nestlé, que promoven a reorientación productiva das explotacións na súa área de influencia.

O subsector gandeiro galego desempeñou durante este primeiro franquismo a función de garantir unha subministración básica de pro-

**GRÁFICO 15**  
Producción de leite vacún en Galicia e participación na española, 1954-1993,  
en millóns de litros e porcentaxe



FONTE: Sequeiros (1986); Fernández (1995). Elaboración propia.

ductos derivados, basicamente carne en vivo, a uns prezos relativamente baixos (en orixe), aínda que as deficiencias da política económica e dos mecanismos de comercialización (transporte, intermediación) non permitiron que o prezo ao consumidor (encarecido polos motivos sinalados) estimulara a súa demanda.

A necesidade de atender a demanda cárnea e a conciencia das importantes perdas que se producían polo transporte das reses en vivo motivaron a vontade das autoridades franquistas de favorecer a creación de industrias cárnica en Galicia. Neste contexto xorde a creación de FRIGSA en 1951 (Carmona, 1996), con capital do INI (51%) e do sector privado (49%, tratantes e industrias cárnica como o grupo Fernández e MAFRIESA). Este matadoiro, que terá un papel relevante na seguinte etapa, arrastrou unha actuación lánguida ata 1957 debido aos enfrontamentos entre militares e tratantes, derivados da diferente concepción estratégica da empresa.

En canto á produción avícola, Galicia era tradicionalmente un importante centro abastecedor do mercado español de ovos e aves en vivo, frecuentemente deficitario. O brusco encarecimiento do prezo dos ovos nos anos corenta motivou unha forte caída no consumo, que se

recuperará lentamente na seguinte década (gráficos 3 e 5). A explotación avícola levábase a cabo case exclusivamente no marco familiar, sendo moi escasas as experiencias empresariais. Predominaban as aves comúns, de razas mixtas, resultado de cruzamentos realizados ao azar. As condicións hixiénicas e de alimentación eran péssimas.

#### **A consolidación do modelo intensivo de orientación leiteira e a aparición de sistemas gandeiros industriais: a crecente dependencia e o custo ambiental, 1960-1995**

Co cambio de política económica iniciado mediante o Plan de Estabilización de 1959 entramos nunha etapa claramente diferenciada. A partir destes momentos a economía española, e en menor medida tamén a galega, emprenderán unha fase de forte e desequilibrado crecemento. Vaise acelerar a industrialización e os transvasamentos demográficos campo/cidade.

Na década dos sesenta iníciase a crise da agricultura tradicional. Entre os principais elementos que contribuíron a minar a estabilidade da estrutura agraria tradicional cabe destacar a emigración, o incremento da renda per capita, a liberalización exterior e a crecente mercantilización (Barciela, 1987, 272). Isto traduciuse nun rápido proceso de mecanización, incluso excesivo, en especial nas áreas minifundistas como Galicia, o aumento de novas demandas alimenticias, sobre todo de proteínas animais, a crecente penetración de empresas transnacionais e a progresiva dependencia (tecnolóxica e financeira) delas sobre todo en canto a subministradoras de *inputs* (pensos, fitosanitarios, maquinaria, enerxía) e, en menor medida (lácteas, avícolas), transformadoras dos productos agropecuarios.

Este proceso viuse favorecido polo prezo baixo e estable dos derivados petrolíferos e o contexto nacional e internacional de elevadas taxas de crecemento, xunto á difusión do optimismo tecnocrático derivado da revolución verde.

Unha serie de factores vanse conxugar para provocar un importante tirón da demanda de produtos gandeiros (gráficos 3-5). Entre eles cabe citar o crecemento demográfico, o intenso proceso de urbanización/industrialización, o aumento da renda, a evolución dos prezos relativos e o fenómeno turístico. É de resaltar que o crecemento porcentual destas *novas* demandas é maior debido á precaria situación de partida.

En termos relativos, o aumento do consumo é máis intenso na carne (sobre todo pola expansión do porcino e aves) e ovos, influíndo na carne o forte encarecimiento do seu competidor proteínico, o peixe, mentres que nos ovos incide o seu continuo descenso de prezo real.

Deste modo, a finais dos anos sesenta e principios dos setenta a política agraria española, esporeada pola crecente demanda de carne, non cuberta pola produción autóctona, e os prezos relativamente bajos dos cereais concentrados, propiciou un modelo gandeiro baseado no elevado consumo de pensos, en boa parte importados.

Por outro lado, convén non perder de vista que se irán acentuando os desequilibrios entre zonas productoras (cornixa cantábrica) e consumidoras (cuadrante noroeste). Esta crecente concentración da demanda vai impulsar en España a aparición dunha gandería sen terra nas zonas próximas aos grandes centros de consumo.

A partir dos anos sesenta a agricultura tradicional galega entra tamén nun proceso de lenta erosión, reorientándose cara a aqueles produtos nos que posuía vantaxes comparativas: como abastecedora cárnica e desenvolvendo o seu potencial lácteo.

O financiamento do proceso procederá en boa medida das remesas dos emigrantes, aínda que tamén o crédito privado e as axudas públicas cumplirán o seu papel, así como, andando o tempo, as pensións.

O Estado retomará un papel activo na dinamización do sector, pero claramente subordinado aos intereses do complexo agroindustrial, de crecente influencia. O Estado asumirá parte dos custos das empresas agroindustriais: investigación agropecuaria, formación profesional do campesiñado, vías de comunicación (accesos á Meseta, estradas rurais) e electrificación, créditos e subvencións orientadoras das explotacións viables cara á especialización bovina.

A diferencia do acontecido no primeiro tercio de século, este proceso de *modernización* estará agora liderado polas industrias, con crecente presencia, sobre todo a partir dos anos oitenta, do capital estranxeiro, en especial francés e norteamericano (Doval, 1994). Isto reflicte o estadio evolutivo da agricultura e da demanda alimenticia, con progresiva importancia dos alimentos elaborados e relegación do traballo campesiño ás fases iniciais de obtención do producto. Con todo, a conformación de consorciós agroindustriais favorecerá a estabilidade da demanda e dos prezos, o cal dará maior seguridade para realizar investimentos en capital fixo (instalacións, maquinaria, gando selecto).

En canto á evolución dos efectivos gandeiros (gráficos 6, 7) obsérvase un forte aumento do gando de renda: bovino e, sobre todo, porcino. Pola contra, detéctase un descenso no gando de traballo: cabalar, mular, asnal e xuntas de bois, debido á mecanización e á orientación cárnia e láctea. Aínda máis marcada é a caída do gando menor como o ovino e caprino, motivada pola política forestal e expropiación de montes comunais, a falta de pastores pola emigración, as baixas cotizacións e a posibilidade de ingresos alternativos. Aínda que en porcino e, en especial, bovino a participación galega respecto ao conxunto español segue sendo notable, durante este período tende a decrecer, en relación coa aparición de fenómenos de deslocalización e creación de aneis de cebo en torno aos grandes centros consumidores.

No gando vacún asistese a un crecente papel de venda de tenreiros para recría en Cataluña, fenómeno que afecta a todo o cuadrante noroccidental. O sistema tradicional de feiras e mercados gandeiros, moi atomizado, entra en declive, sendo substituído polo mercado regulador de Santiago.

O aumento da carga gandeira apóiase en boa medida na reorientación da superficie cultivada a favor das forraxes, en especial das praderías e o millo, cunha importante alza dos seus rendementos (gráficos 8-11). Non obstante, prodúcese unha paulatina e pronunciada dependencia da importación de pensos norteamericanos.

No tocante ás producións cárnicas<sup>9</sup> (gráficos 12-14) asistimos a un descenso do equino, un estancamento do ovino, ambos en niveis baixos, un moderado crecemento do bovino e un forte ascenso do porcino e sobre todo das aves, en consonancia co sinalado para os efectos pecuarios.

En comparación con España, a produción de carne é elevada pero estancada en bovino, lixeiramente decreciente en porcino, ovino e equino, e con tendencia á alza en aves, todo isto relacionado coa situación de partida e os ritmos de desenvolvemento.

Prodúcese un forte crecemento dos rendementos das canles de bovino, motivado pola mellora na selección e atencions ao gando, aínda que sempre inferiores ás españolas polo atraso acumulado, mentres que as canles de porcino se manteñen estancadas en ambos os territorios, probablemente en razón das preferencias dos consumidores.

<sup>9</sup> Hai que ter en conta que as estatísticas só consideran as reses sacrificadas en Galicia, non tomando en consideración, polo tanto, o gando vivo enviado fóra da rexión, que segue tendo bastante importancia sobre todo no caso dos tenreiros para a recría.

A proliferación de matadoiros en Galicia durante esta etapa resultaba excesiva para a demanda existente, provocando problemas de infrautilización de recursos. Destaca o papel desempeñado por FRIGSA na súa época dourada (1957-1971), chegando a ser o primeiro matadoiro español, con 80-100.000 reses anuais sacrificadas, e contribuíndo decisivamente á modernización das estruturas comerciais, coa aplicación de métodos de compra directa e de primas segundo rendementos (Carmona, 1996).

En gando porcino e aves Galicia é unha das comunidades con maior peso das explotacións tradicionais, pero nestas décadas asistimos a unha crecente importancia de sistemas integrados agroindustriais en réxime de consorcio, con modalidade de agricultura sen terra. Estas estructuras (Sequeiros, 1986) conseguem elevados coeficientes de transformación alimento/carne ou ovos, posúen unha gran facilidade para a homoxeneidade e estandarización da base alimenticia e do producto, acostuman situarse cerca de núcleos de consumo, transformación ou vías de comunicación (aproveitando economías de localización e de escala). A diferencia doutros subsectores gandeiros nos que a investigación se concentra nas institucións públicas debido á falta de rendibilidade inmediata, neste caso a investigación está fundamentalmente en mans privadas, multinacionais frecuentemente, a causa do forte beneficio e posición hexemónica que se derivan do control da tecnoloxía xenética. Estes subsectores coñeceron unha forte expansión ata 1985, con retroceso posterior debido á forte dependencia do mercado (estancamiento do consumo e forte competencia).

En canto ás producións lácteas (gráfico 15) obsérvase un crecemento acelerado nas últimas décadas con estancamiento desde 1988, motivado pola aplicación das cotas pola CEE<sup>10</sup>. En termos relativos a produción galega supón unha porcentaxe elevada no conxunto español, aínda que con tendencia descendente ata 1980 para recuperarse vigorosamente con posterioridade.

A evolución no número e a composición do vacún de muxido (Fernández, 1995) é similar ao acontecido en España, pero más tardía

<sup>10</sup> De todos modos é moi posible que precisamente por isto aumentara o fenómeno da occultación e as cifras reais fosen superiores. Nas décadas dos sesenta e setenta a CEE incrementou substancialmente a súa produción leiteira, en especial Irlanda, sobre todo por un aumento dos rendementos (AAVV, 1986, 119). Isto provocou unha forte acumulación de excedentes que orixinou a imposición de limitacións que se traduciron nun descenso do número de vacas de muxido e da súa produción a partir de 1983 (FERNÁNDEZ, 1990, 776-777).

e acelerada. En xeral hai un aumento moderado do número de vacas de leite ata a entrada na CEE, con caída posterior, tanto absoluta como en relación ao conxunto da cabana bovina. Por outro lado, partindo dun claro predominio de razas autóctonas asístese a un aumento, tanto en termos absolutos como sobre todo relativos, das razas especializadas (frisona, suíza). Isto reflicte a progresiva especialización leiteira e a adaptación ao marco comunitario.

Algo parecido sucede cos rendementos leiteiros que reflicten un forte aumento dos mesmos nos últimos decenios, reducindo a diferenza con España ata eliminala a partir de 1987. A menor proporción de razas especializadas, o mantemento do traballo animal, as deficientes condicións hixiénicas e sanitarias explican os menores rendementos lácteos galegos, corrixidos progresivamente.

En canto ao destino do leite producido (Sequeiros, 1986; Fernández, 1995), pódense establecer dous criterios fundamentais para a súa clasificación: o grao de comercialización e o de transformación industrial. No primeiro caso, Galicia é unha das comunidades con maior peso de leite consumido na propia explotación, debido ao menor tamaño das súas explotacións e á súa maior tendencia ao autoconsumo e á produción doméstica. Se nos fixamos no aspecto da industrialización vemos cómo ata mediados dos anos sesenta o grao de transformación do leite galego era moi reducido, predominando abrumadoramente o consumo humano e, con grande importancia, o das crías. A partir desas datas, coas modificacións nas pautas de consumo e a expansión das empresas lácteas, comeza a cobrar crecente importancia a fabricación de derivados, queixo sobre todo, descendendo significativamente, tanto en termos absolutos como sobre todo relativos, o leite dirixido ás crías.

As explotacións tanto cárnica como leiteiras máis características dunha agricultura modernizada están xeralmente situadas nas áreas que concentran as maiores densidades de axudas públicas, mecanización e cultivos forraxeiros; son comarcas ben comunicadas, localizadas a media altura, con menor incidencia do minifundio e da parcelación (Sequeiros, 1986).

A partir de 1973 a agricultura *modernizada* vai entrar en crise (Barciela, 1987, 275-276) debido á fraxilidade das súas premisas: disponibilidade abundante, barata e estable de enerxía, crenza na inocuidade da tecnoloxía para o contorno e a alimentación e na posibilidade da xeración do modelo. A crise petrolífera iniciada naquel ano puxo

fin a ese soño da razón capaz de crear monstros saturnianos. Por un lado incrementouse substancialmente a factura enerxética, aumentando o endebedamento do sector. Por outro, a crise económica freou o transvasamento de poboación do campo á cidade intensificando a presión sobre a terra, en especial nas áreas afectadas pola reconversión industrial (Ferrol e Vigo no caso galego).

Ata fins dos setenta a relación de intercambio foi favorable para os gandeiros, gracias sobre todo ao baixo custo enerxético (Colino e Pérez Touriño, 1983). Sen embargo, desde a segunda crise petrolífera esta relación deteriorase para o campesiñado, en especial a raíz da entrada na CEE (MAPA, AEA). En Galicia ten lugar desde mediados dos anos sesenta un proceso de crecente apertura ao mercado, non só na comercialización das súas principais producións gandeiras senón tamén no forte aumento dos gastos realizados fóra do sector agrario (Colino e Pérez Touriño, 1983), centrados na adquisición de pensos e de enerxía, aproveitando o seu baixo prezo naqueles momentos. Esa intensa mercantilización da agricultura galega parece frearse a raíz do impacto da entrada na CEE, reducindo a factura nos citados *inputs* más onerosos (Xunta, AEA).

A partir da crise dos anos setenta o consumo cárnico estancase, chegando incluso a descender nas especies más valoradas como o vacún. España faise autosuficiente en materia cárnica<sup>11</sup>.

A todo isto sumárselle a aplicación de cotas leiteiras, que forza ás explotacións modernizadas a limitar a marcha cara á intensificación, centrándose na reducción de custos productivos. Outra alternativa aplicada por este grupo de explotacións foi proseguir a intensificación, pero liberando superficie para outros usos (carne, millo, horticultura, etc.) en función da evolución dos prezos relativos. No grosor das explotacións (80%), as tradicionais, un grupo delas foi abandonando o sector. Outro segmento numeroso deste sector tradicional seguiu subsistindo en precario, ante a falta de expectativas laborais noutras actividades económicas (AA.VV., 1986, 143-149).

En xeral, a estructura das explotacións gandeiras galegas (Fernández, 1994) resulta pouco apropiada para poder competir en condicións de rendibilidade de mercado, debido ao seu elevado número, pequeno tamaño tanto absoluto como relativo e gran diversidade de especies e actividades gandeiras, coa conseguinte mingua na especia-

<sup>11</sup> O nivel de autoabastecemento pasou do 66,9% en 1967 ó 94,4% en 1975, COLINO E PÉREZ (1983, 131).

lización e a eficiencia, ainda que más adaptadas pola súa polivalencia a convivencias sectoriais negativas e a cubrir as necesidades básicas do núcleo familiar.

A crise iniciada nos primeiros setenta non vai ser exclusivamente económica, senón que significa tamén a quebra do modelo ambiental no que se sustentaba o crecemento do mundo occidental nos dous últimos séculos. Esta crise ecolóxica vai ter así mesmo as súas repercusións na gandería.

Os sistemas agropecuarios tradicionais eran bastante respectuosos co medio por ser ciclos case pechados, con integración das actividades agrarias e gandeiras, mínima dependencia do exterior da propia explotación, que proporcionaba o traballo (familiar, animal), o esterco (orgánico), uso de razas autóctonas, adaptadas aos seus ecosistemas, alimentación vexetal tomada in situ, cun maior grao de eficiencia enerxética e reutilización dos subproductos para cama, alimentación animal e estercado, mediante sistemas extensivos que non comprometían a perdurabilidade do sistema. Cos novos procedementos agrícolas rómpese este esquema debido á progresiva separación agricultura/gandería, crescente concentración e densidade gandeiras, manexo industrial e intensivo (estabulación con perda de mobilidade, eliminación de camas, alimentación forzada, desaproveitamento das dexeccións), aumento na dependencia de insumos exteriores á propia explotación (fertilizantes, pensos, mecanización, sementes, zoosanitarios) en moitos casos baixo control multinacional, acadándose balances enerxéticos negativos, cunha redistribución de producións vexetais para alimento animal que dificulta a distribución equitativa a nivel mundial das calorías disponibles.

### Conclusións

A gandería galega no último século e medio seguiu unha evolución moito más dinámica do admitido habitualmente. Xa desde mediados do século pasado asistimos a un fenómeno que se foi consolidando co paso do tempo: a progresiva orientación pecuaria do conxunto da estrutura agraria do país, e dentro dela a crecente importancia do gando de renda: porcino e, sobre todo, bovino. Este proceso, sen embargo, non foi lineal senón marcado por unha serie de etapas de avance e retroceso. Os períodos de maior intensificación coinciden coa expansión da demanda alimenticia (extragalega fundamentalmente), o aumento de insumos e bens de consumo postos a disposición dos agricultores,

a acción decidida e eficaz do Estado a través das institucións agronómicas e de créditos e axudas, a mediatización do proceso por medio do cooperativismo, a mellora das comunicacóns (sobre todo extrarrexionais) e as posibilidades de financiamento vía emigración, transferencias públicas (créditos brandos, subvencións, pensións) e créditos privados. Entre este cúmulo de catalizadores, os factores decisivos foron, ao noso xuízo, as fluctuacións da demanda de produtos gandeiros e o papel asignado a Galicia de despensa cárnica e, máis recentemente, tamén leiteira de España.

A aceleración do proceso a partir dos anos sesenta provocou a crise irreversible da agricultura tradicional. Esta crise case coincidiu coa da propia agricultura modernizada e a derivada da adecuación ás estruturas comunitarias dificultando gravemente un tránsito exitoso. Atopámonos, pois, nunha encrucillada, na cal Galicia podería intentar aproveitar, actualizándoo, os elementos recuperables que mantiña o sistema tradicional, baseado nun sistema sostible e elaborador de produtos naturais, nun momento no que o modelo intensificador a calquera prezo que inauguraron as agriculturas noratlánticas hai xa dous séculos que tocou teito, chegando incluso a poñer en perigo a saúde dos consumidores, como o fenómeno das vacas tolas puxo de manifesto.

### Bibliografía citada

- AA.VV. (1986), *Produccións gandeiras de Galicia*, Seminario de Estudios Galegos, Sada.
- BARCIELA, C. (1987), "Crecimiento y cambio en la agricultura española desde la guerra civil", en NADAL, J.; CARRERAS, A. e SUDRIÁ, C. (comp.), (1989), *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*, Ed. Ariel, Barcelona, pp. 258-279.
- BARREIRO GIL, J. (1990), *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*, Xunta de Galicia, A Coruña.
- BEIRAS, X. M. (1967), *El problema del desarrollo en la Galicia rural*, Galaxia, Vigo.
- BERNÁRDEZ, A. e CABO, M. (1996), "Ciencia y Dictadura: la investigación agronómica en Galicia durante el primer franquismo (1936-1950)", *Noticiario de Historia Agraria*, nº 12, pp. 119-140.
- CARMONA, X. (1982), "Sobre as orixes da orientación exportadora na producción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segun-

- da metade do século XIX”, *Grial*, Anexo 1, Historia, Vigo, Galaxia, pp. 169-206.
- (1996), “O INI en Galicia: o caso de FRIGSA, 1951-1996”. Conferencia pronunciada na Facultade de Económicas da Coruña o 17 de abril no marco do ciclo de conferencias organizado polo Departamento de Historia Económica, *Recentes investigaciones en Historia Económica e Social de Galicia*.
- CARMONA, X. e PUENTE, L. de la (1988), “Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y Cantabria”, en GARRABOU, R., *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, Crítica, Barcelona, pp. 181-211.
- CARRERAS, A. (ed.) (1989), *Estadísticas Históricas de España. Siglos XIX-XX*, Fundación Banco Exterior, Madrid.
- COLINO, X. e PÉREZ TOURIÑO, E. (1983), *Economía campesina e capital. A evolución da agricultura galega 1960-1980*, Galaxia, Vigo.
- DOVAL, A. (1994), *Capital estranxeiro e empresas multinacionais en Galicia: 1960-1991*, Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ, G. (1976-1995), *La agricultura gallega en (1975-1994)*, COREN, Ourense.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992), *Labregos con ciencia. Estado, sociedad e innovación tecnoloxica na agricultura galega, 1850-1939*, Xerais, Vigo.
- GARCÍA BARBANCHO, A. (1960), “Análisis de la alimentación española”, *Anales de Economía*, nº 66, pp. 73-119, nº 67, pp. 271-367.
- GIRÁLDEZ, J. (1993): *Crecimiento y transformaciones de la pesca en Galicia, 1880-1935*, tesis doctoral, Universidad de Santiago.
- GRUPO DE ESTUDIOS DE HISTORIA RURAL (GEHR) (1979), “Contribución al análisis histórico de la ganadería española, 1865-1929”, *Agricultura y Sociedad*, nº 8, pp. 129-173 e nº 9, pp. 105-169.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1989), *A Estadística na Agricultura*, Xunta de Galicia, A Coruña.
- LÓPEZ TABOADA, X. A. (1986), *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*, Xunta de Galicia, Bilbao.
- MARTÍNEZ CARRIÓN, J. M. (1991), *La ganadería en la economía murciana contemporánea 1860-1936*, Comunidad de Murcia, Murcia.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1995a), “Un indicador indirecto de la producción ganadera española: el consumo de productos cárnicos, 1865-1934”, *Actas del VII Congreso de Historia Agraria*, Baeza (Jaén), pp. 352-362.

- (1995b), *Cooperativismo y transformaciones agrarias en Galicia (1886-1943)*, MAPA, Madrid.
- MINISTERIO DE AGRICULTURA (MAPA) (1963-1994), *Anuario de Estadística Agraria (1962-1993)*, Madrid.
- MINISTERIO DE TRABAJO (1942), *Boletín de Estadística nº extraordinario. Precios al por mayor y números índices 1913 a 1941*, Madrid.
- PÉREZ IGLESIAS, M. L. (1979), *La reserva ganadera de Galicia: Pasado y Presente*, CSIC, Zaragoza.
- PUENTE, L. de la (1992), *Transformaciones agrarias en Cantabria, 1860-1930*, Universidad de Cantabria, Santander.
- SEQUEIROS, J. (1986), *El desarrollo económico en Galicia*, Universidad de Santiago, 2 vols.
- SIMPSON, J. (1989), “La producción agraria y el consumo español en el siglo XIX”, *Revista de Historia Económica*, año VII, nº 2, pp. 355-388.
- SOBRINO, F.; HERNÁNDEZ, J. L.; PAZ, A.; RODRÍGUEZ ZÚÑIGA, M. e SORIA, R. (1981), “Evolución de los sistemas ganaderos en España”, *Revista de Estudios Agrosociales*, nº 116, pp. 17-87.
- XUNTA DE GALICIA (1991-1995), *Anuario de Estadística Agraria (1990-1994)*, Santiago.